

## AS NOTICIAS I

**Responde ás preguntas e faimas chegar a [anabelenfernandezmelon@edu.xunta.es](mailto:anabelenfernandezmelon@edu.xunta.es)  
ou por wassap ao 605563364.**

1. Le atentamente a seguinte noticia:

### XABARÍS, PAVÓNS, PATOS E OUTROS ANIMAIS NON FICAN NA CASA POLO CORONAVIRUS

A fauna salvaxe circula libremente polas rúas das cidades estes días de confinamento pola nula presenza de xente e a escasa contaminación

Efe / Paloma San Segundo

MADRID - MARTES, 14/04/2020



Como consecuencia do confinamento nos fogares para frear a propagación do Coronavirus, as redes sociais enchéronse de mensaxes de cidadáns que tiñan visto algún animal ou algunha ave en núcleos urbanos ou lugares onde a súa presenza era case imposible antes de que España se vise afectada polo covid-19.

Pavóns que pasean polas rúas despois de saltar o valado do parque do Retiro, xabarís próximos a vivendas de Barcelona e Madrid, cabuxas soltas por Chinchilla (Albacete), patos silvestres nas fontes de Roma ou delfíns nadando nas solitarias canles de Venecia, son algunhas imaxes subidas ás redes nestes días de corentena.

#### Nin xente nin contaminación

A nula presenza de seres humanos e de contaminación nas cidades nos días de confinamento, segundo algúns, é o motivo de que haxa animais infrecuentes soltos nas rúas, pero para as organizacións ecoloxistas no é nada raro xa que sosteñen que estas incursións son "máis que frecuentes durante todo o ano" en condicións medioambientais menos saudables que as actuais.

Desde a organización de defensa da natureza e o ambiente WWF "non confirman nin desmenten" estas presencias de animais nas cidades pois, segundo din, son máis habituais do que parece e máis se as condicións atmosféricas son favorables como agora.

Miguel Ángel Valladares, de WWF, insiste en que estes paseos non deixan de ser "anécdotas" que demostran "que

sen influencia humana a natureza vai recuperando o seu lugar".

A organización SEO/Bird Life, pola súa banda, advirte de que algunhas das observacións de aves en lugares fóra do seu hábitat nos últimos días "poden non ser reais", aínda que indican que ver algún exemplar de fauna salvaxe en lugares pouco poboados e pouco ruidosos "non é nada novo nin nada raro".

#### Máis trinos

O que sucede agora, engaden desde esta organización, é que durante a corentena polo Coronavirus "hai menos ruído e escóitase máis o canto dos paxaros e iso antes pasaba desapercibido"

Sinalan así mesmo que os pavóns que se teñen visto nalgúns rúas do centro de Madrid talvez sexan os do parque de Fuente del Berro "que se moveron" e manteñen que no existen estudos que demostren que os animais que habitan nas grandes urbes se sintan "máis cómodos" agora que antes da pandemia.

Desde SEO Bird/Life lembran que non se debe alimentar as aves silvestres, nin en caso de alerta sanitaria como a actual nin en circunstancias normais, pois elas procuran o alimento que, ademais, é o máis axeitado.

2. Busca na noticia e responde:
  - a) Quen escribiu a noticia:
  - b) A data da noticia:
  - c) Onde foi escrita:
  - d) Cal é o titular:
  - e) O resumo da noticia:
  - f) De cantas partes consta o corpo da noticia:
3. Le unha vez máis o contido da noticia.
4. Como se chaman as organizacións que se dedican á defensa da natureza e do medio? Cantas aparecen citadas na noticia?
5. Cal é a opinión dos ecoloxistas en relación con esas visitas de animais salvaxes ás cidades? Cal é a outra opinión expresada na noticia sobre este asunto? E ti, que opinas?
6. Fíxate na foto que acompaña a noticia. Cres que é adecuada ao contido desta? Que pode estar facendo ese oso nun autobús urbano? Veña, bótalle unha migalla de imaxinación e explica como puido chegar ata aí.
7. Busca no texto os nomes de animais que aparezan citados.